

INTENCIÓNS¹

ECHERÉMO-LAS velas
coa luz náufraga da madrugada
Pendurando en dous puntos cardinais
a randeeira² esguía
do pailebote³ branco
Coas súas mans loiras
acenan mil adeuses as estrelas

Inventaremos frustradas descubertas⁴
a barlovento⁵ dos horizontes
pra acelerar os abolidos corazóns
dos nosos veleiros defraudados.

¹ O emprego do futuro nos verbos indícanos que o poeta vai embarcar e pensa, con antelación, os vindeiros designios da travesía. O ton mantén certas ambigüidades emotivas que culminan nun ilusionado final.

² Obxecto para bambearse, bambán.

³ Pequena embarcación con dous paus de goleta.

⁴ Manuel-Antonio utiliza sempre esta fermosa palabra galega que non é normativa. Nas normás do galego actual sería: *descuberta* ou *descubrimiento*.

⁵ Lado onde zoa o vento.

Alaremos polo chicote⁶
dun meridiano innumerado
Na illa anónima
de cada singradura
esculcaremos o remorso da cidade
Ela noctámbula desfollará
como unha margarida prostibularia
a Rosa dos Ventos⁷ do noso corazón

Encadaremos adeuses de escuma
pra tódalas praias perdidas
Xuntaremos cadernos en branco
da novela errante do vento.
Pescaremos na rede dos atlas
ronseles de Simbad⁸

E cazarémo-la vela
sobre o torso rebelde das tormentas
pra trincar a escota⁹ dunha ilusión.

⁶ "Alar o chichote", tirar polas cordas da rede.

⁷ Figura circular, colada no cuadrante da búsola e na cal están gravados trinta e dous raios correspondentes á dirección dos ventos.

⁸ Protagonista dunha extensa narración de viaxes interpolada nas *Mil e unha noites*. Os sete relatos de Simbad, que transcorren no mar arábigo, están cheos de aventuras maravillosas.

⁹ "Trincar a escota", suxeitar, amarrar as cordas que gobernan as velas.

NAVY BAR⁴⁷

ESTE bar ten balances
E tamén está listo
pra se facer á vela

Enchéronnos o vaso
con toda a auga do Mar
pra compor un *cock-tail* de horizontes

Pendurados das horas
atlas xeográfico de esperantos
están sen tradución
E tatean as pipas
co ademán políglota das bandeiras

Ese cantar improvisado
é o mesmo
que xa se improvisou nalgures

Quen chegou avisándonos
desa cita nocturna que temos

⁴⁷ Locución inglesa que equivale no noso idioma a *bar mariñeiro*.

co vento ao N.E.
na encrucillada das estrelas apagadas?

Aquí bebe de incógnito
o Mariñeiro Descoñecido
-sen xeografía nin literatura-
A noite dos naufraxios
co seu brazo salvavidas
aferrará connosco unha vela de chuvascos

O vaso derradeiro
estaba cheo de despedidas

Polas rúas dispersas
Íamonos fechando
cada un dentro da súa alta-mar⁴⁸

No repouso dalgún vaso
tódalas noites naufraga o Bar.

⁴⁸ A alta mar é o lugar da absoluta soidade do home para Manuel-Antonio. Cada mariñeiro vai penetrando na súa soidade persoal, esencial, como se entrase nun infindo mar interior que o afastase intensamente de todas as cousas do mundo.